



# CHEGA SAMAÍN

Ola Familias!!

Unha ano máis chega unha das festas máis agardadas do cole. Este ano acompañada de moitas novidades



Entre as novidades está o que facer coas cabazas. Este ano pedímosvos que as empreguedes para **facen algunha receita**, xunto con outros froitos de outono e nos enviades os vídeos do voso traballo a través dos titores. Serán publicados na páxina web do cole e formarán parte do noso "LAMBECAZOLAS"



Outra novidade estará na Biblioteca. O noso alumnado vai a entrar en contacto con algúns seres fabulosos da tradición oral galega. As aulas investigarán as lendas das Mouras, das Meigas, da Lamia, do Gatipetro, da Coca, do Rei Breogán, dos Biosbardos... e recrearán a "Senda mitolóxica do Monte Viso" de Santiago nos pequenos espazos da Biblioteca.

**Todo o alumnado pasará a visitala ao longo do xoves 27.**

\*Nota: O **Monte Viso** podedes localizalo en Santiago de Compostela. Se vos animades a visitalo non esquezades enviarnos unha fotiño a través dos titores.



Outra das actividades programadas para este Samaín ten ao alumnado de 6º como protagonista. Serán os encargados de contar un conto de "medo" aos compañeiros. Farán dous pases para que todos os nenos e nenas do cole pasen un **venres terrorífico e moi divertido!!!**

Non esquezades **mandar aos nenos e nenas disfrazados o venres 28**. Conseguiremos atemorizar a todo o cole e pasar unha mañá moi divertida de festa, teatro, risas e doces (**Non traiades merenda que ese día invita o cole**)

